

Axudar nas tarefas aos fillos e fillas diagnosticados con TEA, si ou non?

“(…) As familias poderán resolver dúbidas e supervisar o traballo, pero non sentarse na cadeira do lado para facelos con eles/as”, explica **M. Carmen Bouzas Cabello**, directora de **Remonta Pedagogía**.

Da mesma opinión é **Jesús Alonso**, profesor do **IES Arturo Soria**, de Madrid: “O papel das familias debe limitarse a proporcionar un espacio axeitado e un tempo suficiente para que poidan facer as tarefas, pero en ningún caso ocuparse directamente delas” explica.

Perxudica a axuda?

Fillos e fillas observan que este tema é importante para as familias, e poden terminar trasladando a responsabilidade que lles corresponde a elxs. Deben entender que cada unha temos unhas obrigas que cumprir as tarefas que estes días lles pon o profesorado, son coas que teñen que cumprir e responder elxs. Si non fose así, as consecuencias dos seus actos deben vivilas elxs porque todo acto debe ter as súas consecuencias. Deste xeito, estamos a transmitirilles que non son capaces de facelo por si mesmos, sen axuda. O que xera dependencia cara ás familias e non favorece a autonomía, que ao final é que se persegue.

E se precisa axuda?

Ás veces tentamos explicarlles como nos ensinaron a nós, e así non o entenden (lembremos que unha das características, no espectro autista é a rixidez mental), outras veces non temos paciencia, dadas las dificultades que presentan. Xa sexa porque se lle dá mal unha materia en concreto ou porque hai algunha outra dificultade de aprendizaxe, ou porque precisan organizar a súa mañá con todas as tarefas das diferentes materias, poden necesitar axuda. Debemos prestarlla sempre aspirando a que elxs asuman a organización, e non ser de nós de quen dependa que empece a traballar, ou que continúen a facelo.

Recomendacións e cousas a evitar

As familias poderán:

- Tentar animar aos fillxs a facer as tarefas propoñendo despois unha recompensa positiva.
- Resolver dúbidas e marcharnos da habitación.
- Establecer un límite de tempo para evitar posibles distraccións.
- Cambiar as protestas e insistencias en que fagan as tarefas por un tempo de xogo cando rematen de facela.

As familias deben tentar evitar:

- Sentar ao lado mentres fai as tarefas.
- Non poñen límites de hora para que acabe as tarefas.
- Non planificarlle todo o día, debemos deixar tempo para que cada persoa faga ou non faga o que queira, está ben suxerirlles ideas, pero sempre permitindo que sexa cada persoa a que decida que facer co resto de tempo que lle queda do día.
- Pensar que cantas máis horas adique ás tarefas, máis vai a avanzar. As veces están sentadxs varias horas no cuarto e solo aproveitaron media hora realmente produtiva.

Lembrede, que o Ministerio de Sanidade sacou unha excepción de mobilidade para as persoas diagnosticadas de Trastorno do Espectro Autista, pola que se autoriza a que poidan saír a pasear acompañados por unha persoa adulta: <http://www.autismo.org.es/actualidad/articulo/el-ministerio-de-sanidad-dicta-una-instruccion-que-permite-las-personas-con>

Rianxo, 27 de marzo de 2020